

CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

INTER
CAMBIAR



**CULTURA E
RESPONSABILIDADE
SOCIAL EMPRESARIAL**

*Auditorio da Biblioteca de Galicia,
Santiago de Compostela*

**MAR 3
XUL**



CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

Organiza:

falaRSE

Colabora:

- Cidade da Cultura de Galicia
- Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Prazas:

100

Inscripción:

Enviar un mail a
inscripcion@falarse.com
antes do 26 de xuño.

A Cidade da Cultura pon en marcha a xornada “Cultura e responsabilidade social empresarial” co obxectivo de xerar un debate ao redor da oportunidade de impulsar o desenvolvemento cultural desde a responsabilidade social das empresas, involucrando os sectores público e privado, organizacións sociais e demais membros da contorna.

A responsabilidade social das empresas naceu dunha vertente filantrópica que respondía á arela empresarial de devolverlle á sociedade parte do beneficio obtido. En realidade, a responsabilidade social empresarial enténdese integrada en toda a cadea de valor, como parte do modo de operar de entidades privadas e administracións públicas.

A produción cultural está vinculada á responsabilidade social empresarial en dúas vertentes. Por unha banda, o mecenado de empresas e institucións promove unha ampla actividade cultural, xa sexa como parte da súa acción social ou integrada na súa propia actividade. A outra vertente alude ao impacto social das manifestacións culturais como aliadas da inclusión social e do desenvolvemento social integral.

A responsabilidade social das empresas na actividade cultural inclúe aspectos tan relevantes como a accesibilidade a todos os colectivos, a conservación do patrimonio, a participación social creativa, o respecto polo contorno, a formación ou a difusión das tradicións culturais.

O Gaiás ofrécese, así como espazo de encontro entre directores de comunicación de empresas, directivos de institucións e industrias culturais e artistas, creadores e profesionais do mundo da cultura para analizar a situación actual do sector e establecer entre eles sinerxías e lazos de unión que posibiliten o desenvolvemento do panorama cultural galego.



CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

PROGRAMA

Mañá

09:15 h. ▶ Recollida da documentación

9:45 h. ▶ Apertura da xornada
Representación institucional da Xunta de Galicia

10:00 a 10:30 h. ▶ Conferencia inaugural : **“Cultura e responsabilidade social: un binomio estratéxico”**,
María Dolores Sánchez Fernández, docente e investigadora en RSE da Facultade de Econo-
mía e Empresa (Universidade da Coruña).

10:30 a 11:30 h. ▶ Mesa redonda: **“A integración das linguas dentro da estratexia de responsabilidade so-
cial das empresas”**

Participan:

- **Malú Bergantiños**, responsable de Comunicación de R.
- **Fernando Ramallo**, profesor do Departamento de Lingüística da Universidade de Vigo.
- **Jorge Gómez**, director de N-NOVA (moderador).

11:30 a 11:45 h. ▶ Pausa

11:45 a 12:45 h. ▶ Mesa redonda. **“Empresas e Cultura. O tecido empresarial como aliado dos proxectos
culturais”**

Participan:

- **María Lemos**, Programa de participación social a través da arte contemporánea do Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa.
- **Antonio Cortés**, director de Marketing de Gadisa.
- **Pablo Zunzunegui**, director Xerente de DMC Galicia.
- **Beatriz Lorenzo**, directora Editorial de falaRSE (moderadora).

12:45-13:30 h. ▶ Mesa redonda: **“A conservación do patrimonio: cara a un turismo responsable e sostible”**

Participan:

- **Paula Remoaldo/Laurentina Vareiro**, Universidade do Minho.
 - **Marta Arenas Romasanta**, vogal da Asociación de Executivas de Galicia.
 - **Yolanda García**, membro do grupo de investigación Sociedade, Tecnoloxías e Territorio, da Universidade de Santiago de Compostela (Proxecto Galicia Auténtica).
-



CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

PROGRAMA

Tarde

16:30 a 17:15 h.

Mesa de experiencias 1: **“O impulso da cultura dentro da estratexia de responsabilidade social das empresas”**

Participan:

- **Manuel Iglesias**, director de Galopín Parques.
- **Loli Rodríguez**, administradora de Alvarella.

17:15 a 18:00 h.

Mesa de experiencias 2: **“Inclusión e integración a través das manifestacións culturais”**

Participan:

- **Anxo Queiruga**, presidente de COGAMI.
 - **Daniel González**, secretario técnico do Fondo Galego de Cooperación.
 - **Carmen Díaz-Pache**, membro da Oficina Autónoma da Cruz Vermella.
 - **Juan de Sola**, presidente de AGARESO.
-

A stylized illustration of a hand holding a stack of books. The hand is rendered in a dark blue, textured style, with the fingers gripping the top of the stack. The books are stacked vertically, with their spines facing left. The spines are colored in a variety of colors: brown, white, dark blue, red, white, blue, green, white, and red. The pages of the books are depicted with a halftone dot pattern. The background is a solid light brown color.

**CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA**



fundación cidade
da cultura de galicia



**XUNTA
DE GALICIA**